



Na orde do 25 de agosto de 2015 convócanse as **axudas para adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado** en educación primaria, **educación secundaria obrigatoria** e educación especial (DOG do 1 de setembro).

Estas axudas son compatibles coas destinadas á adquisición de libros de texto.

## 1. REQUISITOS PARA ACOLLERSE Á CONVOCATORIA

- Ser pai/nai ou titor legal do alumnado matriculado en educación secundaria no curso 2015/16.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións de Galicia.
- **Ter una renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€.**

**2. PRAZO DE SOLICITUDE:** Dende o 2 de setembro ata o 1 de outubro de 2015

## 3. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Para solicitala cubrirá o modelo de solicitude (ANEXO I) que está dispoñible no portal educativo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es) ou na páxina web do centro, e entregarao no centro antes de que remate o prazo establecido, xunto coa seguinte documentación:

- Copia do libro de familia onde figure o número de membros da unidade familiar. Se non ten libro de familia ou se este non reflicte a situación familiar a 31 de decembro de 2013, poderá acreditar o número de membros cun certificado de convivencia ou coa sentenza de separación ou divorcio onde figure a custodia do menor.
- Copia do DNI do alumno.
- No caso de discapacidade, certificación que o acredite.

**Se no Anexo I se autoriza a consulta telemática de datos de identidade e de datos tributarios, non será necesaria ningunha documentación máis.**

**SÓ NO CASO DE NON AUTORIZAR A CONSULTA TELEMÁTICA DE DATOS:**

- Copia e orixinal dos DNI de tódolos membros computables da unidade familiar.
- Copia e orixinal da declaración da renda do solicitante, así como de todos os membros computables.

**4. CONTÍA DA AXUDA:** 50 € por alumno/a

## 5. TRAMITACIÓN

Unha vez entregada a solicitude e a documentación, o centro rexistrará todos os datos e procederá á validación das que estean correctamente cubertas e con toda a documentación, e xerará o vale para a compra de material escolar.

## 6. ADQUISICIÓN DO MATERIAL ESCOLAR

Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir material escolar no correspondente establecemento, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento.

As persoas beneficiarias do vale para adquisición de material poderán usalo no correspondente establecemento ata o 31 de outubro de 2015.